

MESA SECTORIAL

Asunto: Atención continuada en réxime de localización en novas unidades asistenciais e categorías sanitarias.

Nas sucesivas Ordes anuais da Consellería de Facenda, polas que se actualizan as contías das retribucións do persoal ao servizo da administración autonómica, concretamente as retribucións por atención continuada de persoal do Servizo Galego de Saúde establecidas nos anexos correspondentes, recóllese a retribución por módulo nas modalidades de presenza física e localización para a actividade de enfermeira/o en equipos de transplantes, perfusión, hemodinámica e histoloxía.

Na práctica nas institucións sanitarias hai mais unidades e persoal requirido en diferentes horarios (normalmente coincidentes con quendas de tarde, noite, sábados, domingos e festivos) por mor da actividade a demanda urxente de persoal especializado para a realización de diversas técnicas. O persoal localizado para prestar estes concretos servizos, garante a prestación da asistencia sen necesidade de realizar actividade de presenza nesas quendas.

Co fin de adaptar aos requirimentos actuais da asistencia sanitaria, cómpre ampliar o ámbito dos conceptos de módulos de atención continuada en réxime de localización nas unidades e categorías seguintes:

- Enfermeiras/os de radioloxía intervencionista, diálise, cirurxía cardíaca e endoscopias dixestivas.
- Técnicas/os en coidados auxiliares (TCAE) nas unidades de radioloxía intervencionista, diálise, cirurxía cardíaca, endoscopias dixestivas e hemodinámica.
- Técnicas/os superiores en anatomía patolóxica para autopsias fóra do horario ordinario.
- Técnicas/os superiores de imaxe para o diagnóstico en resonancia magnética.

Con base nos principios de eficacia e eficiencia, débese establecer unha solución no marco administrativo.

Trátase de dar resposta á necesidade de atención urxente fóra da xornada ordinaria por parte destas categorías en unidades especiais, realizando unha xestión eficaz dos recursos humanos.

Módulos de localización na categoría de Técnica/o en Coidados Auxiliares de Enfermaría:

A orde de confección de nóminas non recolle o importe de localizacións para a categoría de TCAE. Así pois propónse o módulo horario de localización e o valor do módulo euros/mes desta categoría.

Para o cálculo aplícase a porcentaxe do 67,25% (que é a relación retributiva existente entre a categoría de enfermeira/o e TCAE no ano 2020), porcentaxe aplicada aos importes establecidos no Anexo XIV para os módulos de localización en atención continuada para a categoría de enfermeira/o en determinadas unidades.

O módulo horario de localización será 134 horas/mes e o valor módulo euros/mes 485,57.

Na categoría de Técnica/o Superior Sanitario nas especialidades de Anatomía Patolóxica e de Imaxe para o diagnóstico:

Na orde de confección de nóminas non se recolle o importe de localización da categoría de Técnica/o Superior Sanitario nas especialidades de Anatomía Patolóxica e de Imaxe para o diagnóstico. Así pois propónse o módulo horario de localización e o valor do módulo euros/mes desta categoría e especialidades.

Para o cálculo aplicarase a porcentaxe do 75,36% (que é a relación retributiva existente entre a categoría de enfermeira/o e as retribucións das/os técnicas/os no ano 2020) para os módulos de localización establecidos no Anexo XIV para a categoría de enfermeira/o en determinadas unidades.

O módulo horario de localización será 134 horas/mes e o valor módulo euros/mes 544,14.

A continuación indícanse os cadros coas categorías e servizos/unidades indicados a engadir ao actual de enfermeira/o en equipos de transplantes, perfusión, hemodinámica e histoloxía, cos importes para cada módulo horario de localización.

Enfermeiro/a		
Servizo/unidade	Módulo horario localización	Valor módulo euros/mes
Radioloxía Intervencionista	134 horas/mes	722,05
Diálise	134 horas/mes	722,05
Cirurgía cardíaca	134 horas/mes	722,05
Endoscopias dixestivas	134 horas/mes	722,05

Técnico/a coidados auxiliares de enfermería		
Servizo/unidade	Módulo horario localización	Valor módulo euros/mes
Radioloxía Intervencionista	134 horas/mes	485,57
Diálise	134 horas/mes	485,57
Cirurgía cardíaca	134 horas/mes	485,57
Endoscopias dixestivas	134 horas/mes	485,57
Hemodinámica	134 horas/mes	485,57

Técnico/a superior sanitario		
Especialidade/Servizo/unidade	Módulo horario localización	Valor módulo euros/mes
Anatomía Patolóxica autopsias	134 horas/mes	544,14
Imaxe para o diagnóstico en resonancia magnética	134 horas/mes	544,14